



Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



CIRCULAR Nº: 8/19-20

Ferrol, 6 de maio de 2020

ASUNTO: Competición e-Kata Infantil

PRESENTACIÓN: A FGK organiza esta competición virtual que pretende ofrecer unha iniciativa deportiva innovadora aos deportistas que terían participado no Campionato Galego Infantil que se debeu cancelar pola crise sanitaria do COVID-19. A competición será retransmitida en directo pola canle de You Tube da FGK creada para tal finalidade. O calendario de emisións dependerá da cifra de participación rexistrada e comunicarse con posterioridade ao sorteo.

INSTRUCCIÓNS DE PARTICIPACIÓN:

1. Os participantes deberán gravar dous vídeos cos katas presentados e subilos a www.youtube.com. Posteriormente deberán enviar por email á FGK (administracion@federaciongallegakarate.com) a ligazón correspondente a cada kata, indicando:
 - Nome, categoría e club do deportista.
 - A que volta pertence cada un dos vídeos (primeira ou segunda)
2. Os participantes tamén deberán inscribirse en <http://karatescoring.com/>

CARACTERÍSTICAS DA GRAVACIÓN:

1. Os vídeos non poderán estar editados (audio ou vídeo)
2. O dispositivo de gravación deberá estar fixo e colocarse de fronte ao deportista (non se permite zoom nin mover o dispositivo de gravación)
3. As condicións ambientais de luz e sonido deberán permitir unha óptima visualización do kata realizado.
4. En calquera caso a gravación debe garantir unha completa visualización do kata para unha correcta valoración arbitral.

CARACTERÍSTICAS DOS KATAS:

1. Os katas poderán realizarse na casa ou no exterior.
2. Os participantes deberán realizar os katas en karategi. O cinto pode ser o de grao. Poderán estar calzados no caso de que así o aconselle a superficie de realización.
3. Os katas deberán ser BÁSICOS en todas as categorías e non poderán repetirse.
4. Permitirase alterar o enbusen dos katas presentados no caso de que o espazo elixido non permita a realización do kata de xeito normal.

GRAO: Libre



Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



CATEGORÍAS:

- Kata Benxamín Mixto
- Kata Alevín Masculino
- Kata Alevín Feminino
- Kata Infantil Masculino
- Kata Infantil Feminino
- Kata Xuvenil Masculino
- Kata Xuvenil Feminino

A FGK resérvase o dereito de anular ou agrupar categorías no caso de que exista un número insuficiente de participantes inscritos.

IDADES:

- Benxamín: nados nos anos 2013 e posteriores.
- Alevín: nados en 2011 e 2012.
- Infantil: nados en 2009 e 2010.
- Xuvenil: nados en 2007 e 2008.

PARTICIPACIÓN: Un competidor por cada 5 licenzas ou fracción tramitadas ata o 30/04/2020

INSCRICIÓNS:

- As inscricións realizaranse por vía telemática **ata o 18 de maio de 2020**, a través da plataforma <http://karatescoring.com/>
- Sen custe de inscrición.
- Non se admitirán inscricións fóra do prazo estipulado.

SISTEMA DE COMPETICIÓN: dobre volta con puntuación.

SORTEO: Realizarase o 19 de maio de 2020. Darase de prazo ata as 14'00 horas do día seguinte para atender posibles reclamacións. Unha vez pasado ese prazo, comunicaranse aos clubs os cambios efectuados e os sorteos serán definitivos (salvo causa extraordinaria que xustifique novamente a súa modificación). No sorteo non haberá cabezas de serie.

Vº Pr.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA

O DIRECTOR TÉCNICO

Asdo.- Miguel López Otero

Asdo.- Óscar Lafuente López